

## **SESIÓN ORDINARIA DE 27 DE FEBREIRO DE 2.015**

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e vinte minutos do día 27 de febreiro de dous mil quince, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D<sup>a</sup> María Begoña Seco Varela, D<sup>a</sup> Pilar Méndez Lombao, D<sup>a</sup> Tania Díaz Seijas, D. Antonio López Pérez D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión ordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2014**

Ponse de manifesto aos membros da Corporación a acta da sesión plenaria celebrada o día 26 de decembro de 2014.

Non xurdindo debate, sométese votación a aprobación da citada acta. Realizada a votación, queda aprobada pola unanimidade dos membros presentes da corporación.

### **2.- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS**

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

“INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS INMOBLES

PORCIÓN VIAL Nº 166

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN MACEDA – MOSTEIRO

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: MOSTEIRO

Núcleo/lugar: MACEDA

Lindeiros: Norte, coa parcela 17; Sur, camiño; Leste, camiño e ao Oeste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 223,75m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 17 de outubro de 2014.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11.066, Folio 67, Tomo1150, Libro 100.

### PORCIÓN VIAL Nº 167

#### FOLGUEIRA

NOME: PORCIÓN VIAL EN BARRIO DE ARRIBA – FOLGUEIRA.

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: FOLGUEIRA.

Núcleo/lugar: BARRIO DE ARRIBA

Lindeiros: Norte, coa finca matríz; Sur, Camiño; Leste, Enrique Díaz Iglesias e polo Oeste, José Pardo Lombao.

SUPERFICIE: 93 m<sup>2</sup>

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 30 de xaneiro de 2015.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 9863, Folio 105, Tomo 1104, Libro 86.

VIAL Nº 4

## OUTEIRO DE REI

### NOME:

No Rueiro municipal e Padrón Municipal de Habitantes (aprobado en sesión plenaria de 13 de setembro de 1996): RUA C

No Plano de situación adxunto: Dende o punto N (intersección N-VI) ata o punto K (intersección Manuel María), pasando polos puntos S e M.

### NATURALEZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescrición: dominio público viario

### SITUACIÓN:

Parroquia: OUTEIRO DE REI

Núcleo/lugar: OUTEIRO DE REI.

Lindeiros: NORTE: Polígonos: 28.31.3 e 30.31.2;  
SUR: Polígonos: 27.31.8, 60, 61 e 31.28.8;  
ESTE: N-VI (punto K);  
OESTE: Rúa Manuel María (punto K).

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Dende o punto K ata punto S e dende a esquina da finca 19 do polígono 30.31.2 ata o punto N en asfalto e o restante en area.

Modificación: incorporación das superficies obtidas mediante actas de ocupación directa emitidas en setembro de 2006 para a execución do proxecto “*conexión peonil co núcleo urbano de Outeiro de Rei*”, sobor as parcelas 16, 17, 18, 19 e 2 do polígono 28313.

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Prescrición inmemorial.

VIAL Nº 60

SIVARREI

### NOME:

Camiño Silvarrei – Pape - Constante

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Silvarrei

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, que se corresponde co tramo do vial municipal catastrado como polígono 79, parcela 9003, de xeito que iniciaría nos dous ramales que discurren polo linde oeste e nordeste da parcela 76, deixando polo leste a parcela 375, e continuando até a súa ramificación no linde sur da parcela 617.

REF. CATASTRAL: Pol 79, parcela 9003

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL Nº 61

SIVARREI

NOME:

Acceso en Constante

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Silvarrei

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, que se corresponde co tramo do vial municipal catastrado como polígono 79, parcela 9003, de xeito que iniciaría no linde sur da parcela 292, discorrendo cara ao sur até a intersección co camiño catastrado como pol. 79, parcela 9014, discorrendo por este vial catastrado até a intersección existente a altura da parcela 669.

REF. CATASTRAL: Pol 79, parcela 9003 e pol 79, parcela 9014.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL N° 62

SIVARREI

NOME:

Camiño crta. De Silvarrei – Penelas – Autovía A-VI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Silvarrei

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, coincidente coa parcela 9006 do polígono 76 e coa parcela 9007 do polígono 77 e coa parcela 9010 do polígono 74, incluíndo, asemade, a vía de servizo que circunda polo norte á parcela 135.

REF. CATASTRAL: parcela 9006 do polígono 76; parcela 9007 do polígono 77 e parcela 9010 do polígono 74.

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial

VIAL N° 63

SIVARREI

NOME:

Camiño crta. De Silvarrei – Penelas – As Tornas

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia de Silvarrei

DESCRIPCIÓN:

Estrada asfaltada, coincidente co tramo da parcela 9006 do polígono 78 que conecta o vial con referencia catastral 27039A07809007 co vial catastrado como 9003 do polígono 76. Discorrendo por este último cara ao norte nas súas ramificacións até a estrada pol 76, parcela 9002.

REF. CATASTRAL: parcela 9006 do polígono 78 e 9003 do polígono 76,

CARACTERÍSTICAS DO VIAL: Pavimentado en riego asfáltico

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Posesión inmemorial”.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

### **3.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CON NÚMERO DE REXISTRO 4309 DO EXERCICIO 2014**

O Alcalde propón aprobar a urxencia da moción presentada polo BNG con data de 22 de decembro de 2014, e número de rexistro de entrada 4309.

A urxencia é aprobada pola unanimidade dos membros da corporación.

Iníciase o debate polo concelleiro do BNG, quen inicia a defensa da moción do seguinte teor literal:

“Arcadio Lombao Román, concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

**MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA**

**EXPOSICION DE MOTIVOS**

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxico dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro sumministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

ANO	ENERXIA EXPORTADA
2001	46,0%
2002	37,7%
2003	41,9%
2004	38,0%
2005	26,9%
2006	32,0%
2007	33,0%
2008	25,5%
2009	37,1%
2010	37,1%
2011	30,2%
2012	40,0%
2013	O INEGA aínda non publicou os datos

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparelados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou porveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas posas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en amplas zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxé á homénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares ( Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, cantidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase es tarifa única, non base nesas razón de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientais de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollese a posibilidade – aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostos propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza pagueamos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como dicíamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida de persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervindo polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantidade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapeninsulares, primas de capacidade, primas de carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mesmo xeito – sempre ao prezo de máis cara, a todas as tecnoloxías de xeración que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción,



o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos presos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade depende da electricidade que, durante anos se viron sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada cos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interompibilidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finais de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supón un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización nas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta a competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moi diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como dicíamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Goberno central, logo dun pacto co Goberno de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan collida unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de Euskalherria, nunha rebaixa que se estima nun 15% nas peaxes en un 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razón para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademais, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

#### Acordo

Intar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, reabixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

Outeiro de Rei 10 de Decembro de 2014”

O voceiro do grupo municipal do PP anuncia que non apoiará a moción, entre outros motivos, xa que non é certo o que se afirma, tal e coma que Galicia non se beneficia da súa capacidade xeneradora, xa que a xeración de enerxía xenera aproximadamente 30.000 empregos directos e indirectos, e supón o 5% do seu PIB. Asemade, as instalacións contribúen fiscalmente á facenda municipal, e pon coma exemplo o cánon eólico ou dos embalses, contribuíndo a unha mellora de vida dos galegos.

Afirma que lle gustaría que o custe da enerxía fora máis barato, pero os prezos actuais derivan da política enerxética levada a cabo polo anterior goberno do PSOE, de subvencións masivas á enerxía fotovoltaica que terminou repercutindo na factura dos fogares e das empresas.

O voceiro do BNG afirma que no País Vasco se vai a reducir as tarifas nun 15% este ano, o que demostra que cando se quere, se pode facer.

Por outra banda, en Galicia, pese a sermos un dos maiores produtores de enerxía do Estado Español, pese a vernos afectados pola contaminación que xeneran determinadas centrais e pese a ter un suministro deficiente, incluso preto das grandes cidades, non temos unha compensación axeitada, que debería acadarse nas tarifas de suministro.

Galicia tivo unha ocasión para beneficiarse da súa condición productora, que foi o concurso eólico que sacou o bipartito, e que o posterior goberno do PP tumbou, baixo a disculpa de que era ilegal e coa finalidade de facer un reparto á carta. O resultado foi que o novo concurso quedou en nada polo fin das achegas ás enerxías renovables e que o Tribunal Superior de Xustiza refrendou a validez e legalidade do concurso do bipartito. Aquí perdeuse unha oportunidade de ouro para Galicia.

Nesta moción se pide un beneficio para a cidadanía galega, para os cidadáns de Outeiro de Rei, polo que a función do Alcalde sería a de defender a estos cidadáns, e non opoñerse á súa mellora por intereses de partido.

O voceiro do Partido Popular recórdalle que o BNG apoiou ao Goberno do PSOE, que non só non estableceu unha tarifa autonómica, senón que levou a cabo unha política enerxética que deu lugar a un déficit tarifario brutal e a unha suba escandalosa do prezo da electricidade.

O actual Goberno do PP, logrou correxir o desequilibrio producido polo Goberno Socialista, contendo o prezo da electricidade (baixou un 1,5% no último ano), de xeito que, salvo en Francia (que ten un gran número de centrais nucleares), o prezo é equiparable ao resto dos países do entorno.

E non se pode pretender a interconexión de España con Portugal e Francia para exportar enerxía é, ao mesmo tempo, desconectar Galicia do resto de España.

O voceiro do PSdG-PSOE, pregúntalle ao voceiro do BNG se da súa moción se conclúe que naqueles sectores onde Galicia sexa exportadora debe verse bonificada e onde sexa importadora neta debe verse penalizada, ou si só pretende que se lle bonifique onde sexa exportadora neta, pero que non lle atinxa onde a situación sexa á inversa.

O voceiro do BNG explica que o que quere é un exercizo de solidariedade interterritorial, ao igual que Canarias ou Ceuta ou Melilla, que neste caso debe ser a través da tarifa eléctrica aos cidadáns.

Rematado o debate, sométese a votación a aprobación da moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con un voto a favor, pertencente ao concelleiro do grupo municipal do BNG, oito votos en contra da aprobación, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PP, e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros do grupo municipal do PSdG-PSOE.

#### **4. ROGOS E PREGUNTAS**

A continuación, o Alcalde dá tratamento de rogo ao seguinte escrito presentado polo BNG con data de 22 de decembro de 2014, e número de rexistro 4308.

O voceiro do BNG solicita que o Secretario informe acerca da corrección xurídica de dar tratamento de rogo ao escrito presentado coma moción.

O Secretario resposta que, na medida na que o escrito pretende que o Pleno adopte un acordo sobre unha medida (sinalización vial) que é competencia do Alcalde, debe dárselle o tratamento de Rogo, xa que senón se produciría unha alteración antixurídica do réxime de distribución orgánica das competencias municipais.

A continuación, o Secretario dá lectura en viva voz ao seguinte escrito:

“Arcadio Lomabo Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

#### **MOCIÓN RELATIVA Á CORRECTA SINALIZACIÓN E COLOCACIÓN DE ESPELLOS PARA MELLORAR A VISIBILIDADE EN CURVAS E CRUCES PERIGOSOS**

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ao longo dos moitos quilómetros de pistas do concello existen multitude de curvas e cruces perigosos e sen visibilidade, onde hai un perigo real de producirse accidentes.

Un destes lugares é o “triángulo” de pistas asfaltadas que rodean a igrexa da parroquia de Cela onde non hai ningún tipo de sinalización que indique as preferencias na circulación nos cruces existentes.

Ademais disto, existe un tramo xusto antes de chegar á igrexa, vindo dende Outeiro, no que unha curva sen ningunha visibilidade e que descorre entre dúas casas non permitindo o paso de dous vehículos ao mesmo tempo.

Para agravar aínda máis a situación, esta é unha zona moi transitada tanto por turismos como por maquinaria agrícola, camións de alto tonelaxe e tamén multitude de peóns, provocando que xa se produciran varios accidentes e que poidan producirse máis en calquera momento.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da Corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte:

## ACORDO:

Que coa maior urxencia posíbel se coloquen as sinais que indiquen a preferencia na circulación de vehículos nos seis cruces existentes nas pistas que rodean a Igrexa de Cela e, do mesmo xeito, que se coloque un espello que axude a mellorar á visibilidade no estreitamento en curva existente antes de chegar á propia igrexa de Cela, así como calquera outra medida que os técnicos correspondentes poida suxerir para mellorar a seguridade na circulación dos vehículos e no paso dos peóns desta transitada zona do concello”.

O Alcalde intervén, afirmando que, en efecto, se trata dun tramo estreito e con curvas pronunciadas, pero recorda que nestes casos, as medidas adoptadas nas estradas estatais, autonómicas ou provinciais, consisten na sinalización viaria de precaución, limitación de velocidade ou de preferencia, non nos espellos. Ademáis, e xa que se está a falar de visibilidade e perigos viais, suxírelle ao voceiro do BNG que, xa que o seu partido está a gobernar na Deputación, que desbrocen as veiras das estradas provinciais debidamente para non eliminar a visibilidade nos cruces, e que coloque semáforos móbiles nos buratos e fosas das estradas provinciais, xa que o estado de abandono que acadaron as estradas provinciais as fan moi perigosas.

O Alcalde remata afirmando que se sinalizará o tramo, posiblemente mediante limitación de velocidade ou preferencia.

Acto seguido, o Alcalde dá tratamento de rogo á seguinte proposición presentada polo voceiro do BNG con data de 27 de febreiro de 2015, ao que o Secretario dá lectura en viva voz:

“Arcadio Lombao Román, Concelleiro do BNG na Corporación Municipal de Outeiro de Rei ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte:

### PROPOSICIÓN RELATIVA Á ADOPCIÓN DE MEDIDAS QUE IMPIDAN A ENTRADA DE FAUNA SALVAXE NA AUTOVÍA E ASÍ EVITAR A MULTITUDE DE ACCIDENTES QUE SE PRODUCEN POR ESTA CAUSA

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos derradeiros tempos constatouse un alarmante aumento de accidentes motivados por entradas de xabarís na “autovía do noroeste” ao seu paso polo concello de Outeiro de Rei. Ditos accidentes concéntrase especialmente no punto de confluencia da mencionada autovía coa estrada que conduce dende o noso concello en dirección á vila de Castro de Ribeiros de Lea.

As características estruturais propias desta vía, carente de “corredores” ou “pasos” para fauna salvaxe e dotada duns valados laterais que impiden teóricamente o acceso a todo tipo de animais, multiplican o perigo e a gravidade das consecuencias dos accidentes. Mais, tendo en conta que os vehículos circulan por ela a altas velocidades e

os animais, unha vez dentro da mesma, non atopan doadamente saída desprazándose polo seu interior ao longo de varios quilómetros.

O medre do número de exemplares de xabaráis apreciado na actualidade contribúe ao aumento dos mencionados casos que estatisticamente apuntan este lugar como un dos máis perigosos dentro do trazado da mencionada autovía.

Por todo iso, SOLICITAMOS do Pleno da corporación Municipal de Outeiro de Rei a adopción do seguinte:

#### ACORDO:

Solicitar do Ministerio de Fomento a adopción urxente das medidas precisas encamiñadas a solucionar a grave situación que afecta aos condutores/as que circulan pola autovía do noroeste, particularmente dentro do territorio do concello de Oueiro de Rei, deseñando novas solucións e mesmo revisando e reforzando as existentes de cara a impedir a entrada de fauna salvaxe nos carrís de circulación que posúe a citada autovía, evitando de tal modo o desproporcionado número de accidentes por atropelo de animais que nesta vía se produce.

En Outeiro de Rei, a 13 de outubro de 2014”

O Alcalde considera que a situación no termo municipal de Outeiro de Rei é similar aos restantes concellos, non advertindo unha maior sinestrabilidade, pero que remitirá un escrito a Fomento para que revisen as vallas perimetrais da autovía por se estivese estragada nalgún punto. En todo caso, recorda que existen numerosos pasos soterrados de paso da fauna, e que os cerramentos son os axeitados.

Rematada a lectura do rogo, a instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, con data de rexistro de entrada de 26 de febreiro de 2015, e número de rexistro 600:

“O Concellal, abaixo firmante, Portavoz do GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, ó amparo da lexislación vixente en materia de Réxime Local, presenta este escrito o Pleno do Concello de Outeiro de Rei, como PREGUNTAS o Equipo de Goberno:

1.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, si despois das alegacións presentadas para a realización dos polígonos no casco urbano de Outeiro de Rei, ten previsto facer algunha modificación ao proxecto presentado?

2.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, despois de mais de 8 anos, en qué fase se atopa a legalización das vivendas sitas na urbanización da PALLOZA? ¿Sabe cantos cartos terán que aportar os propietarios para a súa legalización definitiva?

3.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, como é posible que a calidade da auga que chega as vivendas en Outeiro de REi sexa tan mala?

4.- ¿Pode explicar o Sr. Alcalde, cantas licencias de primeira utilización faltan por expedir nas urbanizacións de Guillar e o motivo polo que non se expiden?”.

O sr. Alcalde resposta que, como xa dixo en reiteradas ocasións, unha vez estudiadas as alegacións, e de conformidade coa vontade da meirande parte dos veciños, afrontarán o proxecto. O que non sería procedente sería aprobar o proxecto ou modificalo sen ter en conta as alegacións, xa que o prazo de información pública ten unha razón de ser. Debido a cantidade de alegacións que se presentaron, é previsible supoñer que haberá que modificar o proxecto porque algunha terá razón.

Resposta á segunda pregunta que a urbanización A Palloza promoveuse por un propietario único que, por diversas dificultades, non cumpriu a obriga de urbanizar, polo que o concello fixo un estudio da situación, modificou o sistema de actuación e redactou os proxectos de urbanización. Unha vez feito isto, unha representación da meirande parte dos propietarios reuníronse co Alcalde para trasladarlle a súa vontade de executar a urbanización polos seus propios medios mediante o sistema de compensación, o que lle parece impecable, xa que eles xestionan os seus cartos e o Concello aforra traballo. Agora ben, esta solicitude ten que pedirse por escrito para poder trocar o sistema de actuación. E ese é a situación actual, xa que o Concello está a esperar polo escrito.

En relación á terceira pregunta, o Alcalde resposta que considera que a calidade da auga é boa, e anuncia que xa ten un proxecto técnico de ampliación da potabilizadora que permitirá mellorar todavía máis a calidade da auga de consumo, seguindo a senda que está camiñar este goberno de reforzar e ampliar as infraestructuras do servizo, como xa se fixo na ampliación da rede ou do depósito.

En resposta ao cuarto punto, resposta que as licencias que faltan é, ou porque non se solicitaron, ou porque están a ser tramitadas polos servizos municipais.

A continuación, a instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 27 de febreiro de 2015, e número de rexistro 608:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O concello de Outeiro é sen dúbida o concello de toda a comarca con máis traballadores e traballadoras contratadas por habitante. Aínda así, para a limpeza do colexio público, que é responsabilidade desa Administración, está contratada unha traballadora para realizar esa función e, ademáis, adxudicóuselle a limpeza deste edificio público a unha empresa privada.

Aínda así, segundo manifestan tanto os nenos e nenas como as nais e país do colexio, o lixo e a sucidade, xunto cos malos olores, son a tónica dominante no edificio.

Despois de meses de xestións das nais e país, tanto co concello como coa propia Xefatura Territorial da Consellería de Educación, o problema da limpeza e hixiene no lugar onde as nosas nenas e nenos pasan a maioría do día non só non se arranxan, senón que non fan máis que empeorar.

Tendo en conta os moitos miles de euros que nos costa a limpeza do colexio a todas as veciñas e veciños do Concello e dada o delicado que resulta tratar con este tipo

de temas onde está en xogo a saúde e benestar das nosas fillas e fillos, o BNG quere ante ese Pleno Municipal facer as seguintes

#### PREGUNTAS:

1. Cal é o motivo de que o problema da limpeza do colexio leve tantos meses sen solucionarse a pesares das queixas que de xeito continuado se reciben?
2. Cando vai empezar a nova empresa adxudicataria a facer o traballo de limpeza do colexio?
3. Cal vai ser o custe anual da limpeza do colexio coa nova empresa contratada?
4. Que ten pensado facer o Alcalde coa traballadora que está a facer este traballo neste momento?
5. Que relación existe entre as donas da empresa á que se lle asignou a adxudicación e a concelleira deste Pleno Municipal, Tania Díaz Seijas, e coa funcionaria do concello Luisa Seijas Vázquez.
6. Cal foi a participación desta concelleira no proceso de adxudicación?"

O Alcalde felicítase do feito de que o Concello de Outeiro de Rei contribúe, en maior medida que os restantes, á xeración de emprego, e iso sen comprometer a sostibilidade da facenda municipal.

Polo que se refire á limpeza do CEIP, informa que dende o concello escolar presentarónse varios escritos nos que se denuncia a limpeza deficiente das instalacións. Tamén informa que o CEIP viña sendo limpado dende fai bastantes anos pola mesma persoa, e o único que se fixo foi aumentar un aula, polo que a diferenza tampouco é tan grande. De feito, cando comenzaron as queixas adscribíuse en exclusiva ao CEIP, e deixou de limpar outros edificios que viña limpando ata o momento.

Non obstante, comparte a idea de que o servizo é mellorable, e por iso, e aproveitando o final do contrato vixente de servizo de limpeza, inclúese a limpeza do CEIP no contrato administrativo de servizos de limpeza de edificios municipais actualmente en licitación, de xeito que, unha vez sexa adxudicado, a limpeza correrá a cargo de unha empresa.

Polo tanto, a empresa que resulte adxudicataria escomenzará a limpar o CEIP cando se seleccione, cousa que todavía non se fixo.

Agora ben, o custe será menor que o actual, pero todavía non se coñece o importe exacto porque todavía non se abriron as ofertas económicas. Pero o custe será menor xa que no prego vai un prezo menor.

Por último, e en resposta á pregunta relativa á concelleira Tania Díaz Seijas, afirma que cando se adxudicou o contrato á empresa que actualmente presta o servizo Tania era menor de idade e nin tan sequera era concelleira. Por outra banda, a

concelleira Tania actualmente non forma parte, nin da mesa de contratación, nin do órgano de contratación (Xunta de Goberno), polo que dificilmente pode ter algo que ver coa contratación.

Finalmente, a instancias do Alcalde, o Secretario da lectura, en viva voz, do seguinte escrito de preguntas presentado polo voceiro do grupo municipal do BNG, con data de rexistro de entrada de 27 de febreiro de 2015, e número de rexistro 609:

“ARCADIO LOMBAO ROMÁN, como portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta as seguintes preguntas, para a súa resposta por parte da Alcaldía.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Fai uns meses o Concello comenzou o proceso de delimitación de polígonos de solo urbano na vila de Outeiro de Rei. Este proxecto do Alcalde chocou de xeito frontal cos vecinos e veciñas afectadas, que consideraron que os seus intereses eran seriamente prexudicados.

Debido a iso, organizáronse entre eles e procederon a presentar máis de 200 sinaturas solicitando a ese Concello a retirada dese Plan de Delimitación de Polígonos Urbanos de Outeiro de Rei.

A maiores diso, tamén moitas veciñas e veciños procederon a facer as alegacións correspondentes a ese proxecto, alegacións que teñen que ser contestadas por parte do Concello.

Dado que ese Concello ten a obriga de contestar a esas alegacións e dado que moitas persoas están pendentes desa contestación pola transcendencia que para a súa vida pode ter a contestación que reciban, o BNG quere ante ese Pleno Municipal facer as seguintes

#### PREGUNTAS

1. Cando ten pensado o señor Alcalde proceder a contestar as alegacións presentadas ao Plan de Delimitación de Polígonos do Solo Urbano de Outeiro de Rei?

2. Cales son os motivos polos que aínda non foron contestadas estas alegacións?

3. Vai contestalas antes das Eleccións Municipais deste ano ou, polo contrario, vai esperar a que pasen estas eleccións para que sexa outro Alcalde que o faga?.”

O Alcalde repite a resposta dada á pregunta formulada nos mesmos termos polo voceiro do PSdG-PSOE, e insiste en que o Concello non máis prisa neste asunto que a que teñan os veciños afectados. Nin máis nin menos. E, nin para este tema nin para ningún outro relacionado coa xestión municipal, teñen en conta a data das eleccións. As decisións tomaranse cando se teñan que tomar unha vez analizadas todas as alegacións.



E insiste en que o Concello, dende o respecto á lei, fará o que poida para beneficiar aos veciños do concello de Outeiro de Rei.

E non habendo máis asuntos, levántase a sesión, sendo ás catorce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario

Ante mío, O Alcalde